



Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

Unidade de competencia.

Trazar e mecanizar tubaxes

Código.

UC1142_2

Nivel.

2

Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.

Cualificación profesional.

Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial

Código.

FME351_2

Nivel.

2

Título de formación profesional.

Soldadura e caldeiraría

Código.

MFME02

Nivel.

Grao medio

Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.

Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI



Instrucións para cubrir o cuestionario.

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS). Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:

1. Non o sei facer.
2. Pódoo facer con axuda.
3. Pódoo facer sen precisar axuda.
4. Pódoo facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

APP1 Planificar os traballos de trazado e mecanizado de tubaxes a partir da información obtida da documentación técnica correspondente.

- APS1.1 Obter as características da tubaxe que se vaia fabricar a partir dos planos de fabricación.
- APS1.2 Obter a información requirida para establecer as operacións de trazado e mecanizado de tubaxes, consultando a documentación técnica correspondente.
- APS1.3 Obter a información requirida para seleccionar as máquinas e ferramentas requiridas no trazado e no mecanizado de tubaxes.
- APS1.4 Obter os parámetros de autocontrol aplicables ao trazado a partir da documentación técnica.
- APS1.5 Obter os parámetros de autocontrol aplicables ao mecanizado a partir da documentación técnica.
- APS1.6 Ordenar e clasificar a información obtida segundo a secuencia de traballo establecida.

Indicadores de autoavaliación

1	2	3	4
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

APP2 Preparar o posto de traballo, reunindo materiais e accesorios, seleccionando e preparando as máquinas, os utensilios e os equipamentos necesarios para o trazado e o mecanizado de tubaxes, de acordo coa planificación do traballo realizada e cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.

- APS2.1 Preparar os equipamentos de protección individual requiridos nas operacións de trazado e mecanizado de tubaxe, cumprindo o plan de seguridade establecido.
- APS2.2 Situar no posto de traballo os materiais requiridos para o trazado e o mecanizado de tubaxes de acordo cos criterios determinados en planos, isométricas ou lista de materiais, utilizando os medios de elevación e transporte apropiados, e cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.
- APS2.3 Seleccionar as máquinas e as ferramentas requiridas para o trazado e o mecanizado de tubaxes, axustándose á documentación técnica.
- APS2.4 Preparar as máquinas e as ferramentas para o trazado e o mecanizado de tubos segundo as instrucións de uso de fábrica e os requisitos de mantemento, e comprobar o seu correcto funcionamento.
- APS2.5 Comprobar as especificacións de máquinas e ferramentas para empregar no trazado e no mecanizado de tubos, axustándose á documentación técnica.
- APS2.6 Preparar e colocar os medios e os equipamentos de corte e mecanizado (manuais e semiautomáticos) de tubos.
- APS2.7 Executar o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e das máquinas de trazado e mecanizado de tubaxes, garantindo o funcionamento e cumprindo o plan de mantemento.

Indicadores de autoavaliación

1	2	3	4
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

APP3 Preparar tubos para o seu posterior mecanizado, mediante os procesos de marcase, trazado e corte, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.

- APS3.1 Trazar os tubos para corte e a seu posterior curvaxe tendo en conta o sobranse necesario para situar as mordazas ao inicio da curvaxe, así como as transicións ou enxertos, con criterios de aproveitamento máximo dos materiais.
- APS3.2 Marcar co punzón o trazado realizado nos tubos, axustándose ás liñas trazadas ou puntos de referencia.
- APS3.3 Cortar a tubaxe utilizando a técnica apropiada, obtendo as formas trazadas nos tubos segundo as instrucións de traballo recibidas, controlando os parámetros de avance, profundidade, velocidade, presión, consumo, tipo de gas, distancia da boquilla, etc., así como as características dos materiais.
- APS3.4 Marcar e etiquetar as pezas da tubaxe a partir dos planos e seguindo o procedemento establecido.

Indicadores de autoavaliación

1	2	3	4
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



APP4 Mecanizar tubos segundo os requisitos esixidos no procedemento de armaxe de tubaxes, aplicando as operacións de mecanizado requiridas polos elementos ou accesorios que haxa que unir e cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.

Indicadores de autoavaliación

1	2	3	4
---	---	---	---

APS4.1	Preparar os bordos dos tubos aplicando as operacións de mecanizado establecidas nos procedementos, tendo en conta os elementos ou os accesorios que haxa que unir.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
APS4.2	Achafranar bordos dos tubos aplicando as operacións de mecanizado requiridas, tendo en conta os elementos ou accesorios que haxa que unir.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
APS4.3	Realizar a roscaxe dos tubos aplicando as operacións de mecanizado requiridas, respectando os parámetros de lonxitude, ángulo, diámetro, paso e profundidade.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
APS4.4	Executar a extrusión dos tubos aplicando as operacións de mecanizado requiridas, respectando as folgas necesarias para a soldadura e cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
APS4.5	Realizar o abucinamento dos tubos aplicando as operacións de mecanizado requiridas para a súa posterior armaxe e soldaxe, respectando as folgas necesarias para a soldadura.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
APS4.6	Efectuar o rebordeamento aos tubos aplicando as operacións de mecanizado requiridas, respectando os parámetros determinados polo procedemento.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
APS4.7	Realizar o enxerto da tubaxe segundo os requisitos establecidos.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
APS4.8	Realizar as transicións entre tubaxes segundo os requisitos establecidos.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>